



VI Premio Internacional
COMPOSTELA
para álbums ilustrados



kalandraka



A ARXENTINA MARIANA RUIZ JOHNSON GAÑA O VI PREMIO INTERNACIONAL COMPOSTELA DE ÁLBUMS ILUSTRADOS, DOTADO CON 9.000 EUROS

Ao certame presentáronse 374 traballos procedentes de 21 países

Mariana Ruiz Johnson (Bos Aires, 1984) é a gañadora do VI Premio Internacional Compostela de Álbums Ilustrados, dotado con 9.000 euros, pola obra presentada co título “Mamá”. O xurado destacou “a vitalidade, a forza e o manexo da cor dun libro que traballa un tema universal e especialmente cercano ao mundo da infancia”. Tamén eloxiou “a pequena e lograda homenaxe que realiza a autora a grandes figuras da historia da pintura”.

A autora de “Mamá” está rematando os seus estudos de Artes Visuais no Instituto Universitario Nacional de Arte, en Bos Aires. Comezou a súa formación en 2005 na escola de arte *Sótano Blanco* de José Sanabria, en obradoiros con ilustradores como Saúl Óscar Rojas e Claudia Legnazzi, e *workshops* en Italia con Svetlan Junakovic e Gianni de Conno. Imparte clases de procesos creativos en *Sótano Blanco* e outros seminarios de técnicas nesa mesma academia. En 2009 foi finalista do Premio *A la Orilla del Viento* do Fondo de Cultura Económica. Publicou varios libros da súa autoría con editoriais de América Latina e de Europa.

“Panda”, de Marcos Guardiola Martín, de Madrid, e “Un día cualquiera”, de Cristina Martín Recaséns, de Tarragona, recibiron senllas mencións especiais.

O xurado estivo formado polo ilustrador Emilio Urberuaga (Premio Nacional de Ilustración 2011), a escritora chilena María José Ferrada, a profesora Juana Vázquez, Manuela Rodríguez en representación de Kalandraka, o xefe do Departamento de Educación do Concello de Santiago, Xosé Manuel Rodríguez-Abella, e a concelleira de Educación, María Castela.

O Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado convócano o Departamento de Educación de Santiago e Kalandraka, no marco da Campaña de Animación á Lectura do Concello de Santiago. A esta edición optaron un total de 374 traballos procedentes de 21 países.

OBRAS PREMIADAS EN ANTERIORES EDICIÓNS

A gañadora da primeira edición do Premio Internacional Compostela -á que se presentaron 335 traballos- foi a arxentina Natalia Colombo, autora e ilustradora da obra titulada “Cerca”. Na convocatoria de 2009 -á que optaban 280 aspirantes- o mexicano Felipe Ugalde recibiu o galardón por “Un gran soño”. O autor Pep Bruno e a ilustradora Marion Cabassa foron distinguidos na terceira edición polo libro “A familia C”, que competiu con outras 518 propostas. O uruguaio Martín León Barreto gañou a convocatoria de 2011 co álbum “A viaxe de Olaf”, seleccionado entre 374 traballos. “Bandada”, dos mexicanos Julia Díaz e David Álvarez, foi a obra escollida polo xurado da quinta edición, entre 256 orixinais de 19 países.

MÁIS INFORMACIÓN:

- CONCELLO DE SANTIAGO. DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN
Tlf. 981 554 400 | dptoeducacion@santiagodecompostela.org
- KALANDRAKA EDITORA



